

ruta da Seimeira - Ocos (09/02/19)

Co aquel de facer esta narración, din en ler as revistas dos anos 2014 e 2015. Teño o gustazo de dicir que alí aparacen en diferentes ocasións dous nenos maravillosos, Mariña e Xabi, protagonistas tamén das andainas deses anos da Asociación Pasada das Cabras. Sabede que Montse e máis eu, sempre recibimos da asociación cariño e compañía, e que era unha ledicia ver ós nenos falando e camiñando con calquera dos compañeiros das rutas, sempre atentos, agradables e cariñosos con eles. Quen non desfrutou de Ana Neira, Jorge, Kai, Álvaro e todos os rapaces que enchían de carreiras, bolas de neve e risas as actividades.

Por iso quixemos facer por estar con vós un día máis, na Ruta da Seimeira de Conchi e de Paco. Dende que falamos con Juanjo e con Jose Antonio sabiamos que estaríamos na nosa casa, e que a experiencia sería igual de agradable e familiar. E así foi.

Para o sábado 9 de febreiro estaba programada a Ruta da Seimeira, PR-AS-116 de dificultade baixa e 8 km de percorrido, entre a ida e a volta. A ruta está no entorno de Santa Eulalia de Ocos, pero non foi tan doado chegar alí como pensabamos. A estrada principal estaba cortada por un derrube e non había autobús nin máis longo, nin máis alto. Superábamos os sesenta participantes, no límite de capacidade do autobús e do comedor, pero Pasada da Cabras non se arreda e non deixa a ninguén en terra. Despois dunha parada en Vegadeo para almorzar, continuamos viaxe, e ante a mirada atenta dos viaxeiros, Juan Canceleiro o conductor, levounos nunha balea por carreiriñas de montaña apenas asfaltadas. E chegou, sí que chegou. Nós non podíamos esquecernos de Ramón, o noso amigo de Vigo, profesor en San Román de Cervantes, que alí estaba para acompañarnos na ruta, con algo de retraso cando xa as pernas pedían camiñar. Foi unha grande alegría velo.

Deixando atrás o entorno restaurado e rehabilitado de Pumares, subimos pola senda que paso a paso facíase máis empinada e estreita, sempre na beira do río Agüeira. Alí nos contaron a lenda do "Desterrado", que por traizón do seu señor e a condición de fidalgos dos vecinos da comarca, quedou desterrado xa que ninguén foi quen de axusticialo. Pasaría os días e as noites alí onde *non chirriara eixe de carro, nin galo cantara, nin campá soara*. Así era o lugar, un bosque pechado máis aló da aldea de Ancadeira e a certa distancia de Bosqueimado.

Río arriba poidemos desfrutar do salto de auga que lle da nome a ruta, a *Seimeira*, na que pasamos un bo rato e fixemos funcionar as nosas cámaras. Conchi, paciente, agardou a que os últimos acabaran os seus *carretes dixitais* e mentres outros valoraban xa se empezar pola sopa ou polo caldo.

Xa de volta, desfrutamos dunha comida en Casa Pedro, e por casualidade compartimos mesa con Jesús San José, que nos fixo desfrutar, sen catalos, dos viños de Valladolid, de Rueda, de Toro, de Rivera de Duero. Tamén de aventuras e das moitas festas e celebración que Burela ten durante o ano, nas que el é un dos protagonistas, moitas veces detrás dos fogóns.

Trouxemos para Marín todos eses aromas, contos e unha sensación de coñecer un sitio onde as cousas se fan ben e con cariño, e onde ninguén está de máis.

Ben, desta volta Paco non contou chistes malos no autobús, nin Xabi e Mariña se puxeron a cantar. Outra vez será.